



**Distintos colectivos europeos sentan as bases do documento para unha iniciativa Cidadá Europea contra a Contaminación Electromagnética**

**Próximo encontro en outubro no Parlamento europeo en Bruxelas**

**O 29 DE XUÑO FORON SENTADAS AS BASES PARA A INICIATIVA CIDADÁ EUROPEA QUE RECLAMA POLÍTICAS DE PROTECCIÓN FRONTE AOS CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS.**

De éxito total cualificaron as delegadas e delegados que se deron cita en Madrid este fin de semana tralo encontro internacional de colectivos cidadáns para a preparación da Iniciativa Cidadá Europea (ICE) na que reclaman unha redución e control da exposición dos campos electromagnéticos en toda Europa, esixen que se diten normas que obrigue aos gobernos da unión a adoptar as medidas da [Resolución 1815](#) do Consello de Europa, que se informe á poboación dos riscos das tecnoloxías inalámbricas e se protexa á poboación máis sensíbel como son as persoas electrohipersensíbeis (EHS), a infancia e a mocidade.

Na delegación que representaba ao estado español estivo presente Xulio Carmona da xunta directiva da [Asociación Pola Defensa da Ría](#) de Pontevedra, asesor da [Federación Ecoloxista Galega](#) e coordinador galego da [Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética](#).

O documento base para a preparación da ICE xa está consensuado e será o manifesto para os grupos que a apoian. Entre os próximos pasos están o darlle forma xurídica previa á súa presentación no Rexistro, para o que haberá unha nova reunión de delegados no Parlamento europeo en Bruxelas en outubro, e o comezo da campaña de recolleita dun millón de sinaturas que durará un ano e que se fará entre os estados que a apoian que actualmente son os de España, Francia, Suecia, Portugal, Italia e Bélxica.

Os delegados tiveron ocasión de coñecerse e compartir boas experiencias trala convivencia obrigada, por non poder atopar un hotel en Madrid sen Wifi a pesar da presenza de persoas con electrohipersensibilidade.

Pontevedra, 4 de xullo de 2013

\* Resolución 1815 da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa (2011) sobre os “Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente”